AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

Doutoramentos Industriais 2022 - IN606D

Data límite xustificación: **1 de marzo de 2026**

Documentación a presentar na oitava xustificación:

- Modelo de solicitude de pagamento.
- Documentación acreditativa de atoparse ao día nas súas obrigacións tributarias estatais, autonómicas e coa Seguridade Social **só no caso de denegar expresamente ou opoñerse á consulta por parte de GAIN.**
- Informe favorable da Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD).
- Certificado de dedicación exclusiva ao proxecto asinado pola persoa investigadora e pola persoa directora ou codirectora da tese durante o período de xustificación.
- Certificado asinado polo órgano responsable de control da entidade onde conste a permanencia efectiva e a dedicación exclusiva da persoa investigadora ao programa.
- Copia da vida laboral da persoa contratada durante o período de permanencia no programa.
- Memoria final do traballo realizado asinado pola persoa contratada, co visto e prace da persoa directora ou codirectora da tese, que recolla os seguintes puntos:

  a) Data de lectura da tese de doutoramento ou a explicación do motivo de non tela lido.

  b) Indicación de se acadou a mención de doutor ou doutora internacional ou non, no caso de ter desfrutado da axuda para estadía.

  c) Breve resumo dos principais obxectivos de investigación acadados.

  d) Estadías ou ausencias temporais realizadas.

  e) Melloras do currículo durante a etapa en que gozou da axuda.

- Xustificación económica dos custos de persoal incurridos dende **outubro de 2025 ata a finalización da axuda:**

  – Copia das **nóminas** aboadas ao persoal de alta cualificación contratado e **xustificantes** bancarios que acrediten o seu pagamento.
  – Impresos liquidación nominal do **IRPF (modelos 111**) e **xustificantes bancarios** que acrediten o seu pagamento.